

## O ARTIGO GREGO

### 1.- O ENUNCIADO.

¿Que entendemos por enunciado?

Na gramática grega e na gramática latina o *enunciado* é, por así dicir, o “nome” das palabras.

¿Como se enuncian os *substantivos*?

O substantivos enúncianse co *nominativo* e co *xenitivo*.

xenitivo

xenitivo

Ex: latín *rosa, ae* (este é o xeito de abreviar *rosa, rosae*).

nominativo

nominativo

xenitivo

xenitivo

grego ἡμέρα, ας (este é o xeito de abreviar ἡμέρα, ἡμέρας).

nominativo

nominativo

¿Como se enuncian os *adxectivos*?

Os adxectivos enúncianse co *nominativo singular, masculino, feminin e, neutro*.

nominativo singular feminino

Exemplo: latín *bonus, a, um* (este é o xeito de abreviar *bonus, bona, bonum*)

                  /                  \  
                  /                  \  
nominativo singular masc.      nominativo singular neutro

grego μικρός, ἄ, όν (este é o xeito de abreviar μικρός, μικρά, μικρόν).

¿Como se enuncia o *artigo*?

O artigo enúnciase así: ό, ή, τό. É dicir, empregamos tres formas:

ό ---> Nominativo singular masculino.

ή ---> Nominativo singular feminino.

τό ---> Nominativo singular neutro

## 2.- AS FORMAS DO ARTIGO.

	SINGULAR			PLURAL		
	Masculino	Feminino	Neutro	Masculino	Feminino	Neutro
Nominativo	ὁ	ἡ	τό	οἱ	αἱ	τά
Acusativo	τόν	τήν	τό	τούς	τάς	τά
Xenitivo	τοῦ	τῆς	τοῦ	τῶν	τῶν	τῶν
Dativo	τῷ	τῇ	τῷ	τοῖς	ταῖς	τοῖς

## 3.- USOS DO ARTIGO.

1. O artigo grego ὁ, ἡ, τό equivale ao noso artigo determinado.

Ex: ὁ ἀδελφός “o irmán”

ἡ ἀδελφή “a irmá”

τό ἱερόν “o templo”

2. Se o substantivo non leva artigo, pódese traducir co artigo indeterminado ou sen artigo.

Ex: ἀδελφός “o irmán”

ἡ ἀδελφή “a irmá”

ἀδελφός “irmán, un irmán”

ἀδελφή “irmá, unha irmá”

3. En grego é frecuente atopar o artigo con nomes propios.

Ex: Σωκράτης / ὁ Σωκράτης Sócrates

Ἀθῆναι / αἱ Ἀθῆναι Atenas

Ζεὺς / ὁ Ζεὺς Zeus

4. O artigo en grego omítese:

- No predicado nominal (é dicir, no atributo).

Exemplo: Ἡ σοφία ἐστὶν ἀρχὴ τῆς εὐτυχίας.

A sabiduría é o comezo da felicidade

E non: Ἡ σοφία ἐστὶν ἡ ἀρχὴ τῆς εὐτυχίας

- En expresións de carácter xeral.

Exemplo: Ἄνθρωπος ἐστὶ πνεῦμα καὶ σκιά

O home é aire e sombra